



PARLAMENTO
DE GALICIA



BOLETÍN OFICIAL DO PARLAMENTO DE GALICIA

X lexislatura
Número 460
12 de abril de 2019



CSV: BOPGDSPGPWH1D2n62

Verificación:

<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



SUMARIO

1. Procedementos parlamentarios

1.1. Procedementos de natureza normativa

1.1.2. Propostas de normas

1.1.2.1. Proxectos e proposicións de lei

1.1.2.1.1. Proxectos de lei

■ Cualificación da emenda á totalidade presentada ao Proxecto de lei de ordenación farmacéutica de Galicia (doc. núm. 47930, 10/PL-000013)

— Do G. P. de En Marea (doc. núm. 48896)

[157391](#)

1.1.2.1.2. Proposicións de lei

Rexeitamento da toma en consideración

■ 46311 (10/PPL-000034)

Grupo Parlamentario de En Marea

Vázquez Verao, Paula

Proposición de lei de renda social galega

[157381](#)

1.3. Procedementos de control e impulso

1.3.5. Mocións

1.3.5.4. Mocións tramitadas

Aprobación con modificacións

■ 48321 (10/MOC-000135)

Grupo Parlamentario de En Marea

Quinteiro Araújo, Paula e Villares Naveira, Luis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego e as demandas que debe realizar ao Goberno central en relación co emprego no sector do *telemárketing*. (Moción consecuencia da Interpelación nº 47129, publicada no BOPG nº 441, do 06.03.2019, e debatida na sesión plenaria do 26.03.2019)

[157382](#)

Rexeitamento da iniciativa

■ 48332 (10/MOC-000136)

Grupo Parlamentario de En Marea

Solla Fernández, Eva

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa atención primaria da saúde. (Moción consecuencia da Interpelación nº 46711, publicada no BOPG nº 441, do 06.03.2019, e debatida na sesión plenaria do 26.03.2019)

[157378](#)



I 48353 (10/MOC-000137)**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Torrado Quintela, Julio**

Sobre as medidas que debe desenvolver a Xunta de Galicia no ano 2019 para a mellora da atención primaria no Sistema público de saúde. (Moción consecuencia da Interpelación nº 47099, publicada no BOPG nº 441, do 06.03.2019, e debatida na sesión plenaria do 26.03.2019) [157382](#)

1.3.6. Proposicións non de lei**1.3.6.1. Proposicións non de lei en Pleno****1.3.6.1.4. Proposicións tramitadas****Aprobación sen modificacións****I 48111 (10/PNP-003635)****Grupo Parlamentario Popular de Galicia****Moreira Ferro, Jacobo e dezaseis deputados/as máis**

Sobre a posición e as demandas que debe trasladar o Goberno galego ao Goberno central en relación coa decisión da Avogacía do Estado de avirse nos recursos interpostos contra o acordo de prórroga da concesión de Ence nos terreos de Lourizán, en Pontevedra, así como sobre a posición do Parlamento de Galicia en relación cos seus traballadores [157383](#)

Aprobación por unanimidade con modificacións**I 48070 (10/PNP-003633)****Grupo Parlamentario Popular de Galicia****Fernández Prado, Martín e catorce deputados/as máis**

Sobre as demandas que debe realizar o Goberno galego ao Ministerio de Fomento en relación co Plan director para o corredor Atlántico presentado o 20 de febreiro en Madrid [157384](#)

Rexeitamento da iniciativa**I 42462 (10/PNP-003196)****Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Burgo López, María de la Concepción e 2 máis**

Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia conxuntamente coas tres universidades de Galicia para revisar o actual sistema de taxas académicas [157385](#)

I 43484 (10/PNP-003250)**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Prado Cores, María Montserrat e 5 máis**

Sobre as medidas que vai adoptar o Goberno galego diante da situación da sanidade pública galega [157385](#)



I 46671 (10/PNP-003503)**Grupo Parlamentario de En Marea**

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa independencia dos cargos públicos, co réxime de incompatibilidades, cos conflitos de interese, coas portas xiratorias e cos posible casos de enriquecemento ilícito nas institucións autonómicas [157385](#)

I 46917 (10/PNP-003525)**Grupo Parlamentario de En Marea****Sánchez García, Antón e Cal Ogando, Marcos**

Sobre a declaración de impacto ambiental que debe emitir o Goberno galego en relación co proxecto de reapertura da mina de Touro [157386](#)

I 47818 (10/PNP-003612)**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Fernández Leiceaga, Xoaquín María e 3 máis**

Sobre as xestións que debe realizar o Goberno galego diante do Goberno central en relación coa aplicación do superávit orzamentario das comunidades autónomas e dos incentivos previstos na disposición adicional 151 da Lei de orzamentos xerais do Estado, así como a actuación que debe levar a cabo para o impulso dun plan anual de mellora da atención primaria da saúde [157386](#)

I 47995 (10/PNP-003627)**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Bará Torres, Xosé Luís e 5 máis**

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa prórroga da concesión outorgada a Ence nos terreos de dominio público marítimo-terrestre de Lourizán, na ría de Pontevedra [157386](#)

1.3.7. Outras propostas de resolución e acordos**1.3.7.1. Declaracións institucionais**

I Declaración institucional do Parlamento de Galicia, do 9 de abril de 2019, polo Día do Pobo Xitano [157387](#)

3. Administración do Parlamento de Galicia**3.1. Organización e normas de funcionamento da Administración do Parlamento de Galicia****3.1.1. Normas e acordos****3.1.2. Organización dos servizos e procesos administrativos**

I Acordo da Mesa do Parlamento de Galicia, do 8 de abril de 2019, polo que se aproban as Normas reguladoras dos pagamentos a xustificar [157388](#)



1. Procedementos parlamentarios

1.1. Procedementos de natureza normativa

1.1.2. Propostas de normas

1.1.2.1. Proxectos e proposicións de lei

1.1.2.1.1. Proxectos de lei

A Mesa da Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego, na súa sesión do día 11 de abril de 2019, adoptou o seguinte acordo:

Cualificación da emenda á totalidade presentada ao Proxecto de lei de ordenación farmacéutica de Galicia (doc. núm. 47930, 10/PL-000013)

Examinado o escrito presentado e, dado que se axusta aos requisitos establecidos no Regulamento da Cámara, acorda a súa admisión co seguinte detalle:

Emenda á totalidade con petición de devolución:

— Do G. P. de En Marea (doc. núm. 48896)

Santiago de Compostela, 11 de abril de 2019
Miguel Ángel Santalices Vieira
Presidente

1.1.2.1.2. Proposicións de lei

O Pleno do Parlamento, na sesión do 9 de abril de 2019, adoptou os seguintes acordos:

Rexeitamento da toma en consideración

- 46311 (10/PPL-000034)
Grupo Parlamentario de En Marea
Vázquez Verao, Paula
Proposición de lei de renda social galega
BOPG nº 434, do 20.02.2019

Sometida a votación, obtense o resultado de 32 votos a favor, 38 votos en contra e ningunha abstención, polo que non se toma en consideración.



1.3. Procedementos de control e impulso

1.3.5. Mocións

1.3.5.4. Mocións tramitadas

Aprobación con modificacións

- 48321 (10/MOC-000135)

Grupo Parlamentario de En Marea

Quinteiro Araújo, Paula e Villares Naveira, Luis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego e as demandas que debe realizar ao Goberno central en relación co emprego no sector do *telemarketing*. (Moción consecuencia da Interpelación nº 47129, publicada no BOPG nº 441, do 06.03.2019, e debatida na sesión plenaria do 26.03.2019) BOPG nº 455, do 03.04.2019

Sométese a votación por puntos e o resultado é o seguinte:

Puntos 1. letra a): aprobado pola unanimidade dos 68 deputados e deputadas presentes.

Punto 1. letra b): rexeitado por 18 votos a favor, 36 votos en contra e 14 abstencións.

Resto dos puntos: rexeitados por 32 votos a favor, 36 votos en contra e ningunha abstencións.

O texto aprobado é o seguinte:

«O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a dar cumprimento de inmediato aos acordos tomados na Comisión 6ª, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo, na súa sesión do 21 de marzo».

Rexeitamento da iniciativa

- 48332 (10/MOC-000136)

Grupo Parlamentario de En Marea

Solla Fernández, Eva

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa atención primaria da saúde. (Moción consecuencia da Interpelación nº 46711, publicada no BOPG nº 441, do 06.03.2019, e debatida na sesión plenaria do 26.03.2019) BOPG nº 455, do 03.04.2019

Sométese a votación e resulta rexeitada por 32 votos a favor, 36 votos en contra e ningunha abstención.

- 48353 (10/MOC-000137)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Torrado Quintela, Julio

Sobre as medidas que debe desenvolver a Xunta de Galicia no ano 2019 para a mellora da atención primaria no Sistema público de saúde. (Moción consecuencia da Interpelación nº 47099, publicada no BOPG nº 441, do 06.03.2019, e debatida na sesión plenaria do 26.03.2019) BOPG nº 455, do 03.04.2019

Sométese a votación e resulta rexeitada por 30 votos a favor, 36 votos en contra e ningunha abstención.



1.3.6. Proposicións non de lei

1.3.6.1. Proposicións non de lei en Pleno

1.3.6.1.4. Proposicións tramitadas

Aprobación sen modificacións

- 48111 (10/PNP-003635)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Moreira Ferro, Jacobo e dezaseis deputados/as máis

Sobre a posición e as demandas que debe trasladar o Goberno galego ao Goberno central en relación coa decisión da Avogacía do Estado de avirse nos recursos interpostos contra o acordo de prórroga da concesión de Ence nos terreos de Lourizán, en Pontevedra, así como sobre a posición do Parlamento de Galicia en relación cos seus traballadores. (Procedemento de urxencia)

BOPG nº 450, do 27.03.2019

Sométese a votación e resulta aprobada sen modificacións por 39 votos a favor, 32 votos en contra e ningunha abstención.

O texto aprobado é o seguinte:

«1. O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a dirixirse ao Goberno central para:

a) Expresar o seu rexeitamento no cambio de criterio da Avogacía do Estado de achantar ante os recursos interpostos contra o acordo da propia Administración xeral do Estado de prorrogar a Ence Energía y Celulosa S.A. a concesión de ocupación dos terreos de dominio público marítimo-terrestre en Lourizán (Pontevedra) onde se atopa a súa factoría.

b) Solicitar que asuma un compromiso expreso cos máis de 5.000 postos de traballo directos e indirectos ameazados, así como coas 80.000 familias galegas que verían afectadas as súas rendas da venda de madeira, e rectifique a decisión de achantar ante os recursos xudiciais indicados no punto anterior, ao supoñer un acto de inxerencia política nunha decisión administrativa que seguiu un expediente regrado.

c) Instar a salvagardar os principios de lealdade institucional, cooperación e coordinación entre administracións, comunicando e consensuando co Goberno galego as decisións que afecten a nosa Comunidade Autónoma.

d) Solicitar a avaliación dos custos que a declaración de nulidade da prórroga podería implicar para o erario público en concepto de responsabilidade patrimonial do Estado.

2. O Parlamento de Galicia manifesta o apoio a todos os traballadores da empresa Ence que desenvolven o seu traballo na factoría situada en Lourizán (Pontevedra) e a todos aqueles que, de xeito directo ou indirecto, dependen, na súa actividade laboral, da permanencia da empresa, ante a decisión adoptada polo Goberno central que compromete o futuro destes empregos.»



Aprobación por unanimidade con modificacións

- 48070 (10/PNP-003633)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Fernández Prado, Martín e catorce deputados/as máis

Sobre as demandas que debe realizar o Goberno galego ao Ministerio de Fomento en relación co Plan director para o corredor Atlántico presentado o 20 de febreiro en Madrid. (Procedemento de urxencia)

BOPG nº 450, do 27.03.2019

Sométese a votación e resulta aprobada, con modificacións respecto do texto orixinal, pola unanimidade dos 71 deputados e deputadas presentes.

O texto aprobado é o seguinte:

«O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a demandar do Ministerio de Fomento:

1. A remisión, coa maior brevidade, do documento íntegro do Plan director para o Corredor Atlántico, que foi presentado o pasado 20 de febreiro en Madrid, co obxecto de que este poida ser avaliado en profundidade polas comunidades autónomas do noroeste peninsular que se verán beneficiadas da súa inclusión neste corredor ferroviario.

2. A elaboración dun Plan director para o Corredor Atlántico consensuado, que recolla planificación e proxectos concretos de calidade para conseguir fondos europeos que se traduzan nunha verdadeira modernización desta liña ferroviaria, situando este corredor no mesmo nivel de prioridade que o Corredor Mediterráneo e no que se teña en conta o traballo coordinado e conxunto que veñen realizando nesta materia as comunidades de Galicia, Asturias e Castela e León. Que entre os proxectos concretos do Plan director para o Corredor Atlántico se preste unha especial atención aos seguintes:

— A conexión do ferrocarril cos portos de interese xeral, o Porto Seco de Monforte e a Plisán, así como a conexión dos grandes parques empresariais e loxísticos.

— A conexión ferroviaria co porto exterior de Punta Langosteira, garantindo financiamento a cargo da Unión Europea e dos Orzamentos do Estado sen achega de fondos económicos pola Autoridade Portuaria da Coruña, de xeito que se poidan licitar e dar comezo as obras este ano 2019.

—A tramitación e aprobación da saída sur de Vigo coa previsión de licitación de proxectos ao longo do ano 2019

3. O nomeamento dun comisionado de ADIF para o Corredor Atlántico con similares funcións e competencias que o nomeado para o Corredor Mediterráneo.

4. Traballar con intensidade de cara á elaboración de documentos técnicos de calidade que favorezan a recepción de fondos europeos para a liña Vigo-Porto.

5. A redacción dun plan de conservación e modernización do resto da rede ferroviaria de Galicia no que, en coordinación co Plan director para o Corredor Atlántico, se recollan as actuacións nece-



sarias para favorecer e mellorar a mobilidade dos cidadáns. Este plan incluírá, cando menos, as seguintes actuacións:

- Modernización da liña Ferrol-Ribadeo.
- Modernización e mellora do trazado da liña Ferrol-A Coruña.
- Mellora da conexión Vigo-Porto.
- Modernización da liña Ourense-Lugo.

Así mesmo, primará vertebrar o territorio mediante a mellora das conexións, frecuencias e horarios entre as principais cidades e vilas galegas.

6. A que, no marco da revisión do Regulamento Europeo 1315/2013 do Parlamento Europeo e do Consello do 11 de decembro de 2013, demande a inclusión do Porto de Vigo na rede básica portuaria da rede transeuropea de transportes e inste o Goberno do Estado a que actúe no mesmo sentido.»

Rexeitamento da iniciativa

- 42462 (10/PNP-003196)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Burgo López, María de la Concepción e 2 máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia conxuntamente coas tres universidades de Galicia para revisar o actual sistema de taxas académicas

BOPG nº 410, do 14.01.2019

Sométese a votación e resulta rexeitada por 32 votos a favor, 39 votos en contra e ningunha abstención.

- 43484 (10/PNP-003250)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Prado Cores, María Montserrat e 5 máis

Sobre as medidas que vai adoptar o Goberno galego diante da situación da sanidade pública galega

BOPG nº 417, do 23.01.2019

Sométese a votación e resulta rexeitada por 32 votos a favor, 39 votos en contra e ningunha abstención.

- 46671 (10/PNP-003503)

Grupo Parlamentario de En Marea

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa independencia dos cargos públicos, co réxime de incompatibilidades, cos conflitos de interese, coas portas xiratorias e cos posible casos de enriquecemento ilícito nas institucións autonómicas

BOPG nº 437, do 27.02.2019

Sométese a votación por puntos e o resultado é o seguinte:

Punto 4: rexeitado por 18 votos a favor, 39 votos en contra e 14 abstencións.

Resto dos puntos: rexeitados por 32 votos a favor, 39 votos en contra e ningunha abstención.



- 46917 (10/PNP-003525)

Grupo Parlamentario de En Marea

Sánchez García, Antón e Cal Ogando, Marcos

Sobre a declaración de impacto ambiental que debe emitir o Goberno galego en relación co proxecto de reapertura da mina de Touro

BOPG nº 441, do 06.03.2019

Sométese a votación e resulta rexeitada por 18 votos a favor, 39 votos en contra e 14 abstencións.

- 47818 (10/PNP-003612)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Fernández Leiceaga, Xoaquín María e 3 máis

Sobre as xestións que debe realizar o Goberno galego diante do Goberno central en relación coa aplicación do superávit orzamentario das comunidades autónomas e dos incentivos previstos na disposición adicional 151 da Lei de orzamentos xerais do Estado, así como a actuación que debe levar a cabo para o impulso dun plan anual de mellora da atención primaria da saúde

BOPG nº 450, do 27.03.2019

Sométese a votación e resulta rexeitada por 32 votos a favor, 39 votos en contra e ningunha abstención.

- 47995 (10/PNP-003627)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Bará Torres, Xosé Luís e 5 máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa prórroga da concesión outorgada a Ence nos terreos de dominio público marítimo-terrestre de Lourizán, na ría de Pontevedra

BOPG nº 450, do 27.03.2019

Sométese a votación por puntos e o resultado é o seguinte:

Punto 1º: rexeitado por 18 votos a favor, 39 votos en contra e 14 abstencións.

Resto dos puntos: rexeitados por 32 votos a favor, 39 votos en contra e ningunha abstención.

Santiago de Compostela, 11 de abril de 2019

Miguel Ángel Santalices Vieira

Presidente



1.3.7. Outras propostas de resolución e acordos

1.3.7.1. Declaracións institucionais

Declaración institucional do Parlamento de Galicia, do 9 de abril de 2019, polo Día do Pobo Xitano.

O Pleno da Cámara, na súa sesión do día 9 de abril de 2019, adoptou, por asentimento, o seguinte acordo:

Declaración institucional polo Día do Pobo Xitano.

O texto aprobado é o seguinte:

«Con motivo do Día Internacional do Pobo Xitano, o día 8 de abril, o Parlamento de Galicia quere sumarse a esta celebración.

O noso ordenamento xurídico recolle a igualdade como principio e valor compartido por todos os españois e inclúe algúns artigos que avalan e permiten a posta en marcha de políticas para garantir a igualdade de oportunidades, combater a discriminación e promover a participación de todos os cidadáns e cidadás.

É innegable que as condicións de vida melloraron aínda que queda moito por facer; a escolarización dos nenos e nenas xitanas é unha realidade e, aos poucos, cada vez máis mozos e mozas completan a etapa de educación obrigatoria e continúan estudando na universidade; o mercado laboral, aínda que lentamente, vaise abrindo tamén aos xitanos e xitanas; o acceso a vivenda normalizada aínda non é unha realidade, e o chabolismo segue a ser un reto que abordar; e cada vez contamos con máis mecanismos e recursos para loitar contra o rexeitamento e a discriminación que sofren as persoas xitanas.

Así e todo, a fenda da desigualdade persiste, en especial entre as mulleres. A comunidade xitana está sobrerrepresentada nos índices de pobreza e exclusión social; as taxas de fracaso e abandono escolar son moito máis altas entre o alumnado xitano que na media española; a taxa de desemprego da poboación xitana e o nivel de precariedade no emprego están moi por riba das porcentaxes medias, por poñer só algúns exemplos. En definitiva, a igualdade de oportunidades non é unha realidade para unha boa parte da comunidade xitana.

Coincidindo coa celebración do Día Internacional do Pobo Xitano, queremos subliñar os avances que se produciron no recoñecemento institucional do pobo xitano e na progresiva participación de xitanos e xitanas en todos os ámbitos da sociedade.

Debemos seguir apostando por políticas, iniciativas e programas que contribúan a asegurar eses dereitos sociais para todas as persoas xitanas, sen deixar a ninguén atrás, para que poidan exercer plenamente a súa cidadanía».

Santiago de Compostela, 10 de abril de 2019.

Miguel Ángel Santalices Vieira

Presidente



3. Administración do Parlamento de Galicia

3.1. Organización e normas de funcionamento da Administración do Parlamento de Galicia

3.1.1. Normas e acordos

3.1.2. Organización dos servizos e procesos administrativos

Acordo da Mesa do Parlamento de Galicia, do 8 de abril de 2019, polo que se aproban as Normas reguladoras dos pagamentos a xustificar

O artigo 16 do Regulamento orzamentario e contable do Parlamento de Galicia e do Valedor do Pobo (BOPG núm. 362, do 27 de maio de 2003) prevé a expedición de ordes de pagamento en firme ou «a xustificar», e que estes últimos serán obxecto dunha regulación independente que será aprobada pola Mesa do Parlamento, segundo reza o mencionado precepto.

Aínda que se está aplicando a normativa autonómica e estatal de xeito analóxico, cómpre desenvolver a súa regulación específica para ambas as institucións.

Polo exposto, a Mesa do Parlamento de Galicia, na súa reunión do 8 de abril de 2019 e ao abeiro do disposto no artigo 30.1.1.^a do Regulamento do Parlamento de Galicia e nos artigos 3.2.c) e 17.a) do Regulamento de organización e funcionamento da Administración do Parlamento de Galicia (BOPG núm. 87, do 7 de maio de 2018), dispón:

Artigo 1. *Natureza*

Terán o carácter de pagamentos a xustificar as cantidades que se libren para atender gastos orzamentarios cuxos documentos xustificativos non se poden presentar antes da formalización e recoñecemento das obrigas, isto sen prexuízo da aplicación procedente aos créditos orzamentarios correspondentes.

Artigo 2. *Tipo de gastos*

Só poderán expedirse ordes a xustificar para atender obrigas do exercicio que se correspondan con gastos imputables ao capítulo II e, excepcionalmente, respecto de gastos do capítulo VI e do capítulo I cando se trate de gastos de formación do persoal.

As unidades administrativas poderán atender coas ordes deste carácter aqueles gastos imputables aos créditos autorizados ben por ser de atención inmediata, gastos menores de reparación de elementos de inmovilizado, envíos urxentes, gastos protocolarios e de representación da institución, gastos por uso de vehículos oficiais, entre outros.

Artigo 3. *Contía das ordes de pagamento*

O importe máximo das ordes de pagamento non será superior a 5.000,00 € por perceptor e partida orzamentaria.



Artigo 4. *Perceptor dos fondos*

As persoas ás que se lles poden librar os fondos son: o letrado ou letrada maior, as xefaturas de servizo ou xefaturas de área, o director ou directora do Gabinete da Presidencia do Parlamento de Galicia, e escoltas.

Poderá ser perceptor outro empregado con motivación previa polo superior xerárquico.

Non se poderá expedir unha nova orde de pagamento a favor dun perceptor que xa teña autorizadas ordes de pagamento polo máximo indicado no artigo 3, nin a favor daquel que non xustificase nalgún momento unha orde de pagamento en prazo.

Artigo 5. *Procedemento para solicitar as ordes de pagamento a xustificar*

Os servizos económicos tramitarán o expediente. De existir crédito e reunirse os requisitos por parte do perceptor, será fiscalizado pola Intervención.

Artigo 6. *Competencia para autorizar a expedición dos pagamentos a xustificar*

Recibido o expediente dos servizos económicos, someterase a súa autorización á Presidencia do Parlamento.

De precisarse a autorización dunha orde de pagamento urxente e sempre que non supere os 2.000,00 €, poderá ser autorizada polo letrado ou letrada oficial maior.

Artigo 7. *Posta á disposición dos fondos*

Os fondos librados a xustificar poranse á disposición do perceptor a través dunha conta restrinxida de pagamentos aberta nunha entidade financeira.

Os servizos económicos habilitarán a dita conta e entregaranlle os datos ao perceptor.

Artigo 8. *Xustificación dos fondos*

Os perceptores destas ordes de pagamento quedan obrigados a xustificar a aplicación das contías recibidas no prazo máximo que se determine na resolución de autorización, en atención ao tipo de gastos e necesidades. No seu defecto, o prazo será de 3 meses desde a recepción dos fondos.

Todas as ordes de pagamento deberán quedar xustificadas ante os servizos económicos de cada institución en 31 de decembro. Para iso, o perceptor deberá presentar nos servizos económicos as contas xustificativas e, de ser o caso, o reintegro de fondos non xustificadas, nos 5 días hábiles anteriores ao peche de exercicio.

Se, transcorridos os prazos, o perceptor non presentou as contas xustificativas nin reintegrou os fondos non investidos ou xustificadas, iniciárase o procedemento de reintegro con retención e compensación do crédito debido na súa nómina.



Non se poderá expedir unha nova orde de pagamento a xustificar a favor dun perceptor que non xustificase os fondos percibidos en prazo, aínda que se trate doutros gastos ou partida orzamentaria de imputación.

Artigo 9. *Competencia para a aprobación da xustificación*

Tras a fiscalización das contas presentadas pola Intervención, someteranse a aprobación, de ser o caso, do mesmo órgano que a autorizou.

Artigo 10. *Publicidade*

A publicidade dos gastos atendidos con ordes a xustificar realizarase de conformidade co estipulado na normativa aplicable en materia de transparencia e contratación, ou calquera outra que así o estableza.

Disposición derradeira. *Entrada en vigor*

Estas normas entrarán en vigor o mesmo día da súa publicación no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia*.

Santiago de Compostela, 10 de abril de 2019

Diego Calvo Pouso

Vicepresidente 1º



Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentario de En Marea, por iniciativa da súa deputada **Eva Solla Fernández** e a través do seu voceiro **Luís Villares Naveira**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Emenda á totalidade, con petición de devolución**, ao **Proxecto de lei de ordenación farmacéutica de Galicia [doc. núm. 47930 (10/PL-000013)]** polos seguintes motivos:

A atención farmacéutica e o acceso aos tratamentos farmacolóxicos son elementos que deben formar parte do dereito á saúde e que por tanto van máis alá da regulación das oficinas de farmacia.

O Proxecto de lei de ordenación farmacéutica presentado pola Xunta de Galicia, se ben introduce algunhas novidades regulamentarias por exemplo en canto aos servizos sanitarios que poden ser proporcionados nas boticas, resulta un texto francamente insuficiente en canto ao regulamento dos dereitos da poboación en materia farmacéutica ou en canto á articulación de medidas que favorezan a relación de este servizo co sistema sanitario e sociosanitario.

En primeiro lugar, o texto non avanza ningunha novidade en canto ao acceso do sistema aos fármacos, a pesares de atopármonos nun contexto crecente de periódicos desabastecementos de diferentes medicamentos. Non se estuda en ningún caso a posibilidade da produción de xenéricos pública, un elemento que dende o noso grupo temos xa defendido en numerosas ocasións e que podería aforrar custes a medio prazo e evitar a peregrinación das e dos doentes en busca de determinadas presentacións.



Por outra parte non se aborda en absoluto unha realidade máis que evidente a teor dos datos ofrecidos CIS que é a falla de adherencia terapéutica relacionada cos baixos recursos económicos. O impacto do RD 16/2012 e da crise económica no acceso da poboación á farmacia tradúcese nunha cifra de 100.000 persoas que estarían abandonando os seus tratamentos segundo a última enquisa por non poder facer fronte ao gasto.

Esta realidade non ten reflexo no texto que se nos presenta, cando se podería alomenos arbitrar un mecanismo de control dos datos de adherencia e un derivación dentro do sistema social.

Ademais, a abordaxe da relación das oficinas de farmacia co sistema público de saúde non se atende con claridade. A Xunta desbota a posibilidade tamén de dotármonos de oficinas de farmacia públicas ou dar maior papel ás farmacéuticas e farmacéuticos do SERGAS, desenvolvendo a potencialidade do noso sistema público e axudando a integralo co resto de profesionais.

Así mesmo, resulta pouco comprensible a permanencia da obxección de conciencia nesta norma a pesares que a mesma define á farmacia coma un servizo de interese público e ás oficinas coma negocios privados de interese público.

Non parece polo tanto razoable deixar ao arbitrio das e dos titulares das farmacias o dereito ao acceso da poboación aos seus tratamentos facendo prevalecer un dereito individual sobre o interese xeral.

Por outra parte en canto á titularidade das oficinas de farmacia privadas, o texto tampouco facilita o acceso á mesma de persoas que neste momento non gocen de dita titularidade, non sexan propietarias dun negocio e non teñan posibilidade de traspaso.





Polo tanto, considerando a necesidade de presentar un texto máis amplo, que abarque máis dereitos e maior planificación do servizo de farmacia **En Marea solicita a devolución do Proxecto de lei de ordenación farmacéutica de Galicia.**

Santiago de Compostela, 8 de abril de 2019.


Asdo.: Eva Solla Fernández
Deputada do G.P. de En Marea
Luís Villares Naveira
Voceiro do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

Eva Solla Fernández na data 08/04/2019 18:25:43

Luis Villares Naveira na data 08/04/2019 18:25:53





PARLAMENTO
DE GALICIA

BOLETÍN OFICIAL DO
PARLAMENTO DE GALICIA

Edición e subscricións:

Servizo de Publicacións do Parlamento de Galicia. Hórreo, 63. 15702. Santiago de Compostela.

Telf. 981 55 13 00. Fax. 981 55 14 25

Dep. Leg. C-155-1982. ISSN 1133-2727

